# 1 Exportar-Importar cursos en Moodle 2.x

## 1.1 Sumario


- 1 Exportar cursos en Moodle
- 2 Importar cursos en Moodle
- 3 Activación de Auto-matriculación de alumnos en cursos Moodle
    - 3.1 Matriculación de alumnos de xeito automático, con contrasinal previamente proporcionado.
- 4 Desactivación de Auto-matriculación de alumnos en cursos Moodle


# 2 Exportar cursos en Moodle

Accedemos ao noso curso en **Administración** e pulsamos **Copia de Seguridad**.




Na páxina que aparece teremos que seleccionar **o que queremos copiar do noso curso**. No exemplo soamente me interesan copiar os materiais, bloques e as preguntas que teña. Non me interesa copiar a información e traballos dos alumnos, así que as opcións por defecto están perfectas.




A continuación seleccionaremos dentro do curso, o **detalle de lo que queremos incluír dentro de la copia**.




Pomos un **nombre a la copia de seguridad** mantendo a **extensión .mbz** e pulsaremos o botón **Ejecutar Copia de seguridad**.

**NOTA**: os arquivos de copia de seguridade con extensión .mbz pódense abrir con 7zip directamente.




Esperamos a que remate de executar a copia de seguridade e pulsaremos en Continuar.




**ATENCION: Ahora o que nos faltaría por facer é descargar a copia de seguridade que fixemos a un pendrive ou á nosa carpeta persoal, para despois poder importala no novo Moodle.**



# 3 Importar cursos en Moodle

Se dispoñemos dunha copia de seguridade coa extensión .mbz para importar dita copia a un novo curso de Moodle faremos o seguinte.

Entraremos no novo curso e iremos á sección de **Administración**:




Teremos que subir a copia do curso ao Moodle para poder restauralo. Pulsamos en **Seleccione un archivo** e buscamos no pendrive ou na carpeta persoal o arquivo da copia de seguridade.



Na nova xanela que aparece pulsaremos en **Subir un archivo** e **Seleccionar Archivo**:




Seleccionamos o arquivo da copia de seguridade, pulsamos en Abrir e logo no botón **Subir este archivo** e agardamos a que se suba ao servidor.




Cando remate a subida da copia ao servidor poderemos realizar a restauración do curso. ATENCIÓN: se saímos da páxina sen pulsar no botón restaurar perderemos o arquivo acabado de subir e teremos que comezar de novo o proceso.




Pulsamos no botón **Restaurar** e amosarase a continuación os detalles da copia. Pulsaremos en continuar




Pode darse o caso de que **teñamos máis dun curso en Moodle**, entón teremos 2 grupos de opcións:

- Por un lado poderemos **Restaurar en este Curso**
- Por outro poderemos *Restaurar en un curso ya existente'*.

Se escollemos un ou outro grupo de opcións hai que fixarse que teremos un botón Continuar específico para ese grupo de opcións. Neste caso vou a restaurar o datos da copia no curso actual no que me atopo:




Indicamos se queremos fusionar a copia có curso actual ou borrar o contido actual do curso e restauralo coa nova copia (opción recomendable para novos cursos de recente creación).




Indicamos os axustes do curso que queremos que se manteñan ou non durante a importación.



Revisamos as opcións marcadas previamente e pulsamos en **Ejecutar Restauración**

**ATENCIÓN:** Teremos que esperar uns segundos de 50 a 90 segundos ou máis. Todo dependerá do tamaño do voso curso.

Unha vez rematada a restauración obteremos o seguinte aviso:




# 4 Activación de Auto-matriculación de alumnos en cursos Moodle

## 4.1 Matriculación de alumnos de xeito automático, con contrasinal previamente proporcionado.

Para permitir que os alumnos se matriculen nos cursos de xeito automático é recomendable asignar un contrasinal no curso, para que só se poidan matricular os que coñezan ese contrasinal que vos lle facilitaredes.

Unha vez dentro do curso facer o seguinte:

- Ir á **sección de Administración do curso**.
- Entrar en **Usuarios -> Métodos de matriculación**.
- Teremos que activar a **Auto-matriculación pulsando no ollo para abrilo**:




- **ATENCION**: **Si na ventana da dereita soamente aparece a matriculación manual teremos que engadir o método de auto-matriculación na lista desplegable.**




- **Si a Auto-matriculación está activada, para modificar ou configurar un contrasinal pulsar na roda dentada** para configurar os parámetros que se amosan na imaxe inferior.

- Na ventana de opcións que **cubriremos o apartado de clave de auto-matriculación** co contrasinal que deberán saber os alumnos para auto-matricularse no noso curso:




- Pulsaremos en **Gardar Cambios** ou **Añadir Método** e estará dispoñible para que os alumnos se poidan matricular.

**ATENCION: Cando remate o período de matriculación do módulo deberíase modificar o contrasinal do mesmo (para evitar que se matriculen máis alumnos no curso). Outra forma de evitar novas matrículas pode ser pechando o ollo do método de auto-matriculación.**.

# 5 Desactivación de Auto-matriculación de alumnos en cursos Moodle

Para **desactivar a auto-matriculación** simplemente teremos que volver a métodos de matriculación:

- Poderemos **editar a auto-matriculación** (símbolo * o carón de Automatriculación á dereita) e cambiaremos o contrasinal por un distinto.
- Outra forma de desactivar que os alumnos se matriculen e **ocultar** (pechando o ollo) o **método de auto-matriculación**.
- Ou por último **eliminar** do curso si así o desexamos o **método de auto-matriculación** coa X.

| Nombre | Usuarios | Arriba/Abajo | Editar |
|---|---|---|---|
| Matriculacion manual | 1 | | |
| Auto-matriculación (Estudiante) | 0 | | |

--Veiga (discusión) 22:50 21 sep 2014 (CEST)